

VIERNES, 30 de octubre de 2009

TRIBUNA: LUCES

Da negra sombra ó raio transparente

MIGUEL A. SEIXAS SEOANE | 30 OCT 2009

Archivado en: [Comunidades autónomas](#) [Fotografía](#) [Administración autonómica](#) [Artes plásticas](#) [Sector óptico](#) [Galicia](#) [Exposiciones](#) [Administración pública](#)
[Arte](#) [Agenda cultural](#) [España](#) [Industria](#) [Cultura](#)

"Sei que hai fermosas composicións por todas partes en España, ¡pero eu non as podo ver!" díxolle en inglés, en Muros, a Ruth ó pai, esbagoando segundo apunta Alfred no seu Diario, o 1 de novembro de 1924. Era a súa primeira expedición e viña na compañía do seu pai, Alfred, fotógrafo. Viña ela subvencionada polo filántropo A. Huntington, que aquí estivera en 1892, e fundador da Hispanic Society of America en New York onde ela traballaba, para lle cumprir os seus mandados e rexas directrices. O obxectivo: rexistrar o traxe galego e a Galicia enxebre; a que non estaba tinxida aínda co uniforme da modernidade. Programou as expedicións, documentouse e contactou con persoas para que a orientaran nos descubrimentos. Non era a primeira viaxeira que viñera. Antes estiveron outros; algunhas mulleres como Elizabeth Vassall Fox que percorre Galicia en 1808 co seu home, lord Holland, e que escribe un diario que se publicará en 1910.

Con todo o que máis lles sorprende e enxalzan, ás veces, os outros son os monumentos e a vestimenta e case que non reparan na lingua galega nin a literatura que descoñecen pois apenas coñecen o castelán. Emporiso, hai un século, edítase Galicia. The Switzerland of Spain de Annette M. B. Meakin, en Londres, con ilustracións e as traducións dos poemas Unha vez tiven un cravo e Este vaise, aquel vaise. É a primeira tradución de Rosalía ó inglés e mesmo fixo xestións, frustradas, para os traducir todos. Logo virán outras, pero sobre todas reina a Anderson pois nas dúas estadías, na do 1926 coa fotógrafa Francis Spalding, tentou achegarse á cultura e ó galego. Captou a tradición popular, que estaba a investigar o Seminario de Estudos Galegos, e que esmorecía na ditadura de Primo de Rivera. Nos seus cinco mil negativos vese o aquel e a dignidade dun pobo. Por riba, o seu amor á lingua galega zumega nas traducións da cantiga de Paio Gómez Chariño, do poema Padrón, Padrón! de Rosalía e nun anaco doutro de Pondal en *Translations from hispanic poets*, 1938. Cando tivo vagar rematou o libro *Gallegan Provinces of Spain: Pontevedra and La Coruña* cunha escolma das súas xurdias fotos, editado en 1939, en New York, non moi lonxe de onde paraba un home -non o sabía- vencido, desterrado e case cego, que lle regalara a ela unha acuarela en 1926 e loitara polos dereitos e a dignidade desa xente que ela retratara, Castelao, que lle vai poñer voz, esta vez no exilio, a todo iso que Ruth fotografara.

Miguel Anxo Seixas Seoane é comisario da exposición